



TURISMO
DE
GALICIA

Xacobeo  2027

OCUPACIÓN HOTELEIRA

Análise nos destinos urbanos de Galicia

Xaneiro 2026



DESTINOS URBANOS DE GALICIA
Xaneiro 2026

	A Coruña	Ferrol	Santiago	Lugo	Ourense	Pontevedra	Vigo
Viaxeiros aloxados	34.311	3.747	25.050	10.650	10.259	4.377	28.529
Noites	69.791	6.458	45.493	19.955	17.735	8.653	47.369
Var. Viax. 26/25	16,2%	45,0%	-23,7%	34,1%	4,9%	15,7%	-15,4%
Var. Noites 26/25	25,5%	11,2%	-26,1%	17,2%	14,5%	25,4%	-10,4%
Estadía Media	2,03	1,72	1,82	1,87	1,73	1,98	1,66
Var. EM 26/25	8,0%	-23,3%	-3,1%	-12,6%	9,1%	8,4%	5,9%
% Ocupación	44,3%	21,5%	25,3%	31,7%	43,9%	23,7%	30,7%
Var. Ocupac. 26/25	8,60	1,40	-8,86	-0,49	4,88	4,29	-1,84
Prazas	5.068	966	5.783	2.033	1.301	1.177	4.878
Var. Prazas 26/25	1,3%	4,1%	-0,1%	19,0%	1,8%	2,7%	-6,6%

- No mes de xaneiro deste ano 2026 os destinos urbanos de Galicia presentan un importante nivel de demanda. En termos globais rexístranse 117 mil viaxeiros aloxados e algo máis de 215 mil noites nos establecementos hoteleiros das cidades de Galicia. Supón isto que o turismo urbano representa o 68,5% do total da comunidade -dúas de cada tres noites en Galicia-, porcentaxe superior á dos últimos once meses e case equivalente á rexistrada en xaneiro do pasado ano -en 2025 o peso do turismo urbano situábase no 68,2% do total de Galicia-. No verán o peso do turismo urbano diminúe por debaixo do 40% entre outros motivos polo incremento que se produce nos restantes destinos da comunidade -litoral galego, Camiño de Santiago, etc-.
- En xaneiro sitúase a cidade de A Coruña, por vez primeira desde febreiro do pasado ano, como o destino líder do turismo urbano en Galicia -substituíndo a Santiago que liderou o ranking a nivel autonómico de marzo a novembro, e a Vigo que o fixo puntualmente en decembro-. Con preto de 70 mil noites a cidade herculina absorbe o 32% do total do turismo urbano -tres de cada dez noites- e o 22% do conxunto da comunidade. Sitúanse a continuación Vigo -a certa distancia, con algo máis de 47 mil pernoctacións- e Santiago -que



pasa a ocupar o terceiro posto con pouco máis de 45 mil noites-. A pesar das diferenzas unha vez máis boa parte do turismo urbano concéntrase nestas tres cidades pois representan en conxunto o 75% das noites hoteleiras urbanas de Galicia –porcentaxe algo inferior á dos últimos dous meses-.

- O 25% restante concéntrase nas outras catro cidades sendo neste caso Ferrol o destino de menor volume e peso neste primeiro mes –absorbe o 3% do total urbano-. En síntese, o reparto territorial entre as tres grandes cidades e o resto mantense relativamente estable mais con diferenzas a nivel interno.
- En termos dinámicos rexístrase neste mes un comportamento estable da demanda a nivel urbano por canto o volume de noites no conxunto das sete cidades de Galicia mantense en niveis parellos aos do mesmo período do pasado ano -nun contexto de suave descenso da cifra de viaxeiros aloxados-. Acontece isto por segunda vez consecutiva, igual que de maio a xullo do pasado ano, contrapoiéndose ao descenso rexistrado de agosto a novembro, e ao crecemento observado no primeiro cuadrimestre e en xuño.
- Internamente obsérvase, en cambio, un comportamento variable. Así, o volume de noites increméntase en cinco cidades, con maior intensidade en A Coruña e Pontevedra –rexistran ambas un crecemento medio do 25%- e de forma menos acusada en Ourense -coa suba do 14%- e Ferrol -onde o número de noites increméntase nun 11%-. O nivel de demanda descende, en cambio, nas dúas restantes cidades -un 10% en Vigo e un 26% en Santiago-, xustamente dúas das de maior volume e peso na comunidade.
- A cidade herculina acumula trece meses consecutivos de crecemento da demanda -dinámica homoxénea en todo 2025-, a taxas variables que superan o 20% interanual en febreiro, abril e decembro do pasado ano e agora en xaneiro deste ano, e só por debaixo do 10% en marzo. Lugo amosa tamén unha dinámica positiva estable, con once meses consecutivos de crecemento.
- No lado contrario a cidade de Vigo acumula once meses consecutivos de caída do número de noites, a taxas ademais importantes nalgúns deles. Santiago engádese a esta dinámica negativa con descenso da demanda nos sete últimos meses, de xullo do pasado ano a xaneiro deste ano -ademais das caídas puntuais rexistradas en febreiro e maio de 2025-.
- Así pois apréciase un comportamento positivo nalgunhas das cidades que habitualmente teñen un maior peso en Galicia -A Coruña neste caso-, xunto con Lugo ou Ourense, entre outras, e pola contra caída en Vigo -a undécima consecutiva- e Santiago -de notable intensidade-.
- O comportamento do nivel de demanda vén como consecuencia de variacións parellas da cifra de viaxeiros aloxados en todos os destinos, con pequenos axustes en sentido positivo ou negativo da estadía. En A Coruña, Ourense e Pontevedra, por exemplo, fortalecen o crecemento da demanda, mentres que en Ferrol e Lugo amortiguan o incremento global da cifra de viaxeiros aloxados.
- En termos globais o conxunto do turismo urbano en Galicia mantense estable agora en xaneiro, por segunda vez consecutiva -pois de agosto a novembro de 2025 amosou caída da demanda en termos interanuais-. O número de noites no conxunto das sete cidades



mantense en cifras parellas ás do pasado ano 2025, circunstancia que en síntese presenta un comportamento similar ao observado no conxunto da comunidade -onde en termos globais o nivel de demanda apenas varía-. No resto de Galicia, fóra das sete cidades, o nivel de demanda ten un comportamento levemente negativo pois descende un 1,3%. O dinamismo case parello leva a que o peso do turismo urbano se manteña relativamente estable en relación ao mes de xaneiro do pasado ano situándose no 68,5% do total da comunidade -consolídase como a porcentaxe máis alta do mes de xaneiro de cando menos os últimos doce anos-.

- O turismo de ámbito nacional é maioritario en todas as cidades consideradas -circunstancia propia dun mes de temporada baixa, tamén do verán, e que contrasta co observado habitualmente na temporada media cando o segmento internacional lidera o mercado nalgúns cidades concretas-, en porcentaxes que superan o 60% en Santiago e Vigo, superan o 75% en Pontevedra, roldan o 80% en A Coruña e Ferrol, achégase ao 85% en Ourense e ao 90% en Lugo -esta última presenta unha vez máis o maior peso do mercado nacional-. Neste mes, por tanto, e ao contrario do observado na temporada media, ningunha cidade presenta maior volume e peso do turismo internacional -así acontecía en Santiago e Pontevedra, por exemplo-.
- Acontece isto por terceira vez consecutiva desde o verán pasado, igual que no inicio de 2025, e en contraposición ao observado na temporada media previa e posterior ao período estival -cando algunha cidade, Santiago principalmente aínda que tamén acompañada por Pontevedra nalgúns meses concretos, amosaban maior volume e peso do turismo internacional fronte ao nacional-. A temporada baixa coloca neste caso a todas as cidades cun perfil da demanda parello se ben aprécianse diferenzas de peso.
- En termos dinámicos obsérvase un comportamento dispar dos dous segmentos de mercado nas sete cidades de Galicia, con variacións de diversa intensidade.
- O turismo de ámbito nacional presenta un comportamento positivo en cinco destinos -xustamente aqueles que presentan un crecemento global en termos interanuais-, cun incremento importante en A Coruña -do 28% en relación ao pasado ano- e Pontevedra -do 20%- e algo máis suave en Ferrol, Lugo e Ourense -por encima do 10% interanual-. Descende, en cambio, nas dúas restantes cidades, un 15% en Vigo e un 36% en Santiago.
- O mercado internacional presenta unha dinámica positiva xeneralizada, con crecemento da demanda en todas as cidades agás en Santiago -onde consegue manterse en cifras parellas ás do pasado ano-. Os incrementos son de intensidade variable, máis notorios en Lugo -de máis do 75%- e Pontevedra -do 48%- e máis suaves en Vigo -do 2% neste caso-.
- Desta maneira cinco destinos presentan un comportamento parello dos dous grandes segmentos de mercado, con incrementos paralelos para o nacional e o internacional en A Coruña, Ferrol, Lugo, Ourense e Pontevedra. Santiago e Vigo amosan, en cambio, unha dinámica diferente para ambos segmentos.
- En termos globais, e para o conxunto dos destinos urbanos, o comportamento de ambos segmentos de mercado difire en relación ao pasado ano. Neste sentido descende en conxunto o turismo de ámbito nacional -un 2,5%- mais increméntase o internacional -un 8,8%



neste caso-. Similar dinámica apréciase no resto da comunidade -destinos de litoral e interior- onde se rexistra un comportamento positivo do mercado nacional -sobre un 8%- mais descende aquel de orixe nacional -un 3% neste caso-.

- A estadía media no conxunto dos destinos urbanos de Galicia sitúase en 1,8 noites, cifra equivalente á media da comunidade e tamén á media dos destinos non urbanos de Galicia. Este dato varía levemente nas diferentes cidades acadando o valor máis elevado A Coruña e Pontevedra -con 2,0 noites de media-, e o máis baixo Vigo -con preto de 1,7 noites de media neste caso-. Esta última é xustamente unha das cidades con maior peso do turismo internacional -xunto con Santiago- e cuxo perfil se asocia en parte ao Camiño de Santiago.
- En termos dinámicos a estadía media increméntase en catro destinos -con maior intensidade en Ourense, nun 9%, e de forma máis suave en Vigo, nun 6% neste caso-. Descende, en cambio, nas tres restantes -arredor dun 3% en Santiago, un 13% en Lugo e en máis dun 20% en Ferrol-.
- A capacidade de recuperación dos destinos urbanos varía tamén desde o lado da oferta de aloxamento. Neste mes cinco destinos rexistran un incremento do número de prazas ofertadas en relación ao pasado ano, destacando en intensidade a suba rexistrada en Lugo -do 19% en relación ao pasado ano-. Sobe tamén, pero de forma máis suave, en Ferrol -un 4%- e en A Coruña, Ourense e Pontevedra -arredor dun 2% nas tres-. Santiago mantense en cifras parellas e soamente Vigo amosa caída da oferta dispoñible -do 7% interanual-.
- O comportamento da demanda neste contexto de evolución da oferta dispoñible tradúcese nunha variación algo dispar dos niveis de ocupación hoteleira. Así, aprécianse melloras en catro destinos, con subas notables en A Coruña -de case nove puntos porcentuais- e en Ourense e Pontevedra -de preto de cinco puntos en ambos casos-. Sobe tamén, pero de forma máis suave, en Ferrol -en algo máis dun punto porcentual neste caso-. O nivel de ocupación mantense estable en Lugo -por unha evolución parella da oferta e da demanda- e cae en Vigo -en dous puntos- e en Santiago -de forma moi intensa, en nove puntos neste caso-.
- Cun 44,3% de media A Coruña rexistra neste primeiro mes de 2026 a porcentaxe de ocupación máis elevada dos destinos urbanos de Galicia -circunstancia que acontece por vez primeira desde o verán pasado- substituindo a Santiago que rexistrou a porcentaxe máis alta en outubro, a Ourense en novembro e a Vigo en decembro. Xustamente Ourense rexistra tamén unha cifra notable agora en xaneiro, ocupando o 43,9% neste caso. Os restantes destinos rexistran unha ocupación inferior e variable, distinguindo dous grupos: aqueles destinos que teñen unha ocupación media levemente por encima do 30% -Lugo e Vigo-, e aqueles que se sitúan por encima do 20% -cun 25% en Santiago, un 24% en Pontevedra e un 21% en Ferrol-.
- No conxunto dos destinos urbanos de Galicia o nivel de ocupación hoteleira sitúase no 32,6%, nove puntos por encima da media da comunidade. En termos dinámicos mantense estable en relación á cifra dos últimos dous anos -en 2024 por exemplo ocupáronse de



media o 32,4% das prazas ofertadas- situándose parello á serie anterior a 2023. En Xaneiro de 2020, xusto antes da pandemia, rexistrouse o máximo da serie histórica cun 33,6% de media.


- As tarifas hoteleiras acadan os 65,5 euros de ingreso medio por habitación ocupada en Vigo, destino que por terceiro mes consecutivo rexistra o nivel máis elevado, substituindo a Santiago -que presentou as tarifas máis altas en setembro e outubro do pasado ano, así como nos primeiros sete meses de 2025-. A Coruña sitúase a continuación con cifras relativamente parellas, en concreto con 64,1 euros, ficando as restantes tres cidades con cifras inferiores -do contorno dos 60 euros en Santiago e Ourense, e de 45 euros en Lugo.
- Os prezos medios variaron de forma dispar neste mes de xaneiro. En particular, incrementáronse de forma destacada en A Coruña -un 15%- e algo máis suave en Vigo -un 7%- e Ourense -un 4% neste caso. As tarifas mantéñense relativamente estables en Santiago e caen unicamente en Lugo -un 9% neste caso-.
- En termos de rendibilidade -RevPAR hoteleiro- obsérvanse variacións tamén dispares nos destinos urbanos. Así sobe e mellora o nivel do pasado ano en tres destinos, con maior intensidade en A Coruña -froito da variación positiva dos prezos e da ocupación, superando nun 41% o nivel de rendibilidade do pasado ano-, en Ourense -cun incremento neste caso do 19%-, e de forma máis suave en Vigo -cun crecemento medio do 10% neste caso-. Lugo engádese tamén á lista de destinos urbanos con comportamento positivo da rendibilidade hoteleira, con suba próxima ao 3% neste caso-.
- Neste contexto marca a excepción a cidade de Santiago pois presenta unha caída do RevPAR hoteleiro do 18% como consecuencia esencialmente dun comportamento negativo dos niveis de demanda e ocupación.
- Con 35,8 euros de ingreso medio por habitación dispoñible a cidade de A Coruña rexistra neste mes o nivel de rendibilidade máis elevado dos destinos urbanos de Galicia. Con valores inferiores pero próximos aos 30 euros sitúanse as cidades de Ourense -con 29 euros- e Vigo -con 26 euros de media neste caso-, ficando Lugo -con 20 euros- e Santiago -con 18 euros- coas cifras máis baixas.
- A cidade compostelá rexistra agora neste primeiro mes de 2026 o nivel de rendibilidade hoteleira máis baixo dos destinos urbanos considerados.
- En termos de emprego, e en contra do observado nas variables de demanda e ocupación, rexistrase neste mes un incremento do número de traballadores no segmento hoteleiro das cidades de Galicia en relación ao pasado ano -do 7,4% interanual-, colocando o volume final en algo máis de 2.500 neste mes de xaneiro -a cifra máis elevada de cando menos os últimos dez anos-.
- Esta dinámica vén como consecuencia dos crecementos rexistrados en todas as cidades agás en Santiago -onde o volume de emprego se mantén estable, en cifras parellas ás do pasado ano-. Destacan neste sentido os fortes incrementos rexistrados nas cidades de Ferrol, Lugo e Pontevedra -iguais ou superiores ao 30% interanual-, ficando A Coruña, Ourense e Vigo con subas máis moderadas -inferiores ao 5% interanual-.




ENQUISA DE OCUPACIÓN HOTELEIRA

Destinos urbanos | Xaneiro 2026


Demanda hoteleira nos destinos urbanos de Galicia. Noites, xaneiro 2026




Variación da demanda turística nas cidades. Noites xaneiro 2026/25




Estadía media hoteleira nas cidades de Galicia. Xaneiro 2026




Nivel de ocupación e variación interanual. Xaneiro 2026




Peso dos mercados nacional e internacional. Noites, xaneiro 2026



Variación demanda turística, por procedencia. Noites, xaneiro 2026/25



ADR hoteleiro nos destinos urbanos. Xaneiro 2026



RevPAR hoteleiro nos destinos urbanos. Xaneiro 2026

